

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VALGA PARA O PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA PRAZA DO SOUTO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Valga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Valga para o proxecto de humanización da Praza do Souto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que o Concello de Valga é consciente de que o seu Patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o Concello de Valga está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendibilizar o seu Patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

O Concello de Valga pretende levar a cabo unha acción tendente á humanización e enriquecemento da Praza do Souto, mediante a súa peonalización e a limitación de acceso de vehículos rodados exclusiva a residentes. Deste xeito quérese dar importancia a este entorno e convertelo nunha zona segura, cómoda e funcional, creando un espazo de ocio e goce tanto para os veciños coma para os visitantes. A Praza do Souto atópase situada, segundo o Plan básico autonómico de Galicia, dentro do ámbito de protección da Capela da Nosa Señora de Lourdes en Ponte Valga e do seu cruceiro, ademais de no ámbito de protección dun hórreo centenario. A capela é de planta rectangular, e na súa fachada principal posúe un Santiago peregrino, situado nunha furniña, por riba da porta principal. De feito, o trazado da ruta do Camiño Portugués pasa preto de onde se sitúa a praza. Pola súa banda, o cruceiro está elaborado todo el en pedra de cantería.

Terceiro.- As actuacións que se levarán a cabo para cumprimento ó anterior son as seguintes:

- Eliminar o tráfico de vehículos ó máximo posible, mantendo soamente o acceso ás vivendas, pero a través de zonas de prioridade peonil.
- Substituír o pavimento actual por un de pedra natural.
- Renovación das instalacións de saneamento.



- Soterramento de todas as liñas aéreas de servizos.
- Dotación de mobiliario urbano (terase en conta a accesibilidade universal na súa colocación).
- Creación de zonas verdes.

Valga é un municipio da provincia de Pontevedra de gran importancia no Camiño de Santiago, xa que conflúen o Camiño Portugués e a Ruta Traslatio. A especial singularidade deste núcleo xustifica unha actuación directa sen promover a concorrência dado que é un lugar con elevado tránsito de peregrinos ao tratarse dun dos camiños máis concorridos, pola súa proximidade a Compostela, e que vai dar servizo ao albergue de peregrinos da zona xestionado pola Xunta de Galicia, ademais de significar un reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago, ao ser unha etapa de gran beleza e singularidade da ruta.

A Axencia Turismo de Galicia está interesada en colaborar neste proxecto, que supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma e a necesidade de atender áreas con necesidades específicas para a posta en valor e humanización dos elementos patrimoniais do concello, ofrecendo aos visitantes e peregrinos produtos turísticos seguros, que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Estas melloras inciden na promoción e potenciación do turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrência, por ser o concello a entidade impulsora da actuación.

Con esta actuación preténdese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.



Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Valga de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Valga unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

